



DECRETO DE ALCALDIA.

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

ANTECEDENTES:

No ano 2020 asínasea terceira adenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Rois para a participación na prevención e defensa contra incendios Forestais durante o ano 2020, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 .

Este convenio ten por obxecto acordar a participación e colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Rois no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de todos os recursos.

Unha das liñas deste convenio é a creación dunha brigada de cinco compoñentes para levar a cabo labores de vixilancia e tarefas de prevención, defensa e extinción de incendios durante os tres meses de campaña.

Esta alcaldía, no uso das atribucións que lle outorga o artigo 21.g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

DECRETO:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para a contratación en réxime de persoal laboral dun xefe de equipo, un peón condutor e tres peóns que integrarán a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do ano 2021.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Documento asinado electronicamente.

O alcalde

O secretario

Ramón Tojo Lens

Diego Losada Romero